

DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2019

Desde 1992, cada 10 de outubro celébrase o Día Mundial da Saúde Mental por iniciativa da Federación Mundial de Saúde Mental (WFMH) e co apoio da Organización Mundial da Saúde (OMS).

Este ano o lema internacional elixido é **“PREVENCIÓN DO SUICIDIO”**, co obxectivo de atraer a atención dos gobernos para que o tema teña prioridade nas axendas de saúde pública de todo o mundo.

Desde esta perspectiva, a Confederación SAÚDE MENTAL ESPAÑA propón o lema **“Conect@ coa vida”** mediante o que se pretende chamar a atención sobre unha problemática de vital importancia e que debe ser abordada de forma integral canto antes.

Segundo a OMS máis de 800.000 persoas suicídanse ao ano no mundo e en España a cifra é de 10 persoas ao día.

Desde o Plan Local de Drogodependencias e outras Adicciós (PLDA) de Vigo aproveitamos esta data para visibilizar o traballo cotián das entidades que forman parte da nosa organización e de moitas outras que operan neste ámbito na cidade de Vigo, manifestar pleno apoio ás accións do Día Mundial da Saúde Mental e reiterar o noso compromiso para seguir traballando en aunar esforzos pola prevención do suicidio .

Por todo iso, queremos unírnos ao obxectivo do Día Mundial da Saúde Mental deste ano e animar a todos os sectores implicados a traballar xuntos, institucións, gobernos, profesionais, medios de comunicación e resto de sociedade, para conseguir unha resposta adecuada a este problema.

Vigo, 10 de outubro de 2019

Presidenta do PLDA de Vigo

*Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo
Yolanda Aguiar Castro*

Director técnico do PLDA

Francisco Otero Lamas